



Consello de Galiza

Buenos Aires, 18 de xunio do 1969.-

Sr.

Xavier Alvajar

Quai Aux Fleurs 17

PARIS IV

Benquerido amigo:

Ten que perdoar a falta de resposta as súas cartas denanteriores. Como xa sabe nós temos a nosa base política na emigración americana e preocupanos sempre todo canto poida apartala da liña de ~~maxxá~~ mocrática e galeguista. Por eso estuvemos loitando deica conquistar a renuncia de Ramón Mourente no Centro Gallego polo que representaba de sometimento o réximen franquista e de aldraxe a Galicia. Hoxe eso foi outido e novamente respiramos. O traballo dos conselleiros foi duro e o trunfo non fai máis que ratificar canto lle dixemos en cartas denanteriores. Hoxe repostamos as súas dacordo os puntos que vostede non veu anunciando nas súas:

UNION FEDERALISTA: GRacias pola feliz situación tida no Congreso e que permitiu a nosa afiliación. O seu informe permitenos ter unha visión do que a devandita unión supón. Pro nós temos que agradecer entrar pois podemos sacar ventaxas outas delo e inrusive facer que frente algún acontecemento que ocorra en Galicia en que se lesionen os dereitos da nosa nacionalidade a Unión Federalista faga a denuncia internacional do caso. O reingreso dos fondos gastados serán xirados logo da primeira reunión do Consello de Galiza que esperamos celebrar a fin de mes. O mesmo o importe dos dereitos de afiliación. Siga de cerca a amizade co Sr. Skadagard pois é importante.

XIRO DE XUNIO: Xa ordeamos o Tesoureiro o xiro correspondente. En canto o reciba acuse recibo coma de costume. Deica agora e canto podemos remitir dado o estado das finanzas do Consello.

MANIFESTO AOS GALEGOS: Alédanos as mostras de adeisión que recibe ao manifesto mandado ao interior. Tamén recibimos moitas do galeguismo da Patria. Nós mandamos mais por vía marítima que esperamos xa estén no seu poder ó fin de repartilos antre os partidos e entidades que teñan intrés nel. Pronto recibirá o saúdo que faremos co gallo do Día Nacional de Galicia. Hai que metelo na Terra. As cartas que lle mandaron Tarradellas e Serra pubricáronse no CORREO DE GALICIA aínda que cambeando o destiñatario pois tiñamos que facer figurar que forñ mandadaa ó Consello. Eiquí foron de impacto.

PERIODICO CORREO DE GALICIA: Comprobado que chegan os periódicos, do que queríamos ter seguridade, xa se dispuxo mandar cin-



Consello de Galiza


coenta exemplares por tirada. Dende logo todos cantos vostede indicou teñeno que estar recibindo. E importante pergunte a algúns e nos diga si lles chega. Vostede tén que seguir metendo o periódico entre os nosos emigrados e aos partidos e entidades díganos a quen llo hai que remitir pra evitarlle o traballo de distribuírlo. Mande nomes, non teña perocupación por elo. D. Manuel Puente, presidente do Consello de Administración está gostoso de facelo como bó patriota. Pronto recibirá "A Nosa Terra", escrito cara os problemas políticos de Galicia. Mandaremos cen exemplares a vostede e un os nomes que xa obran no nos poder. Mañán saen periódicos de varios números atrasados pro que son intresantes pra xustificar a nosa situación e polo tanto a súa presenza o frente dos problemas galegos en Francia.

VASCOS E CATALÄNS: Siga madurecendo os contaitos. Prepare o terreo pra unha decraración conxunta frente o posibel desenlace da política hespañola. Hoxe máis que nunca temos que estar xunguidos a eles pra pesar en calisquer decisión que se poida albiscar en favor noso. Escribimos a Tarradellas e confiamos que elo sirva os nosos pláns en forma efeitiva.

Agradaríanos saber si o amigo informante sober o Vaticano lle dixo algo novo. Por ese lado estase traballando moito e temos que ir conoscendo o que se prepara nesas esferas.

Pra súa información debemos decirlle que os contaitos con Galicia van marchando ben. Alí está chegando a nosa voz a traveso de mil periódicos que mandamos quincenalmente. E un traballo destiñado a ganar o tempo perdido. Pro estamos firmes nelo. O movemento de loita en Galicia é firme. Con lixeiros matices de esquerda. Pro importante e conseguir que se apunta o fundamental que é a libertade de Galicia. Logo teremos tempo de discutir e arranxar as diverxencias que se presenten. Dende logo na Patria xa non se concibe ningún movemento que non traballe baixo a especial condición de que sexa galeguista. Esto xa é un trunfo.

Reciba a nosa gratitude polos seus esforzos e conte coa nosa solidaridade no seu traballo. Os conselleiros envíanlle agarimosos recordos os que uno os meus. Coa amizade de


Segredario de Goberno